

AVALIACIÓN ORDINARIA DAS MATERIAS PENDENTES AO LONGO DO CURSO ACADÉMICO 2018-2019

PRIMEIRA AVALIACIÓN

Nas dúas últimas semanas do mes de novembro, celebrarase un exame para cada materia pendente.

- O alumno deberá realizar un exame por cada unha das materias pendentes
- A cualificación que constará a efectos académicos e de expediente na primeira avaliación será conforme á nota acadada neste exame.

Na táboa seguinte detállanse os contidos que se avaliarán en cada nivel

Materia	Bloques de Contidos
Matemáticas 1º ESO	Números Naturales Números Enteros Divisibilidad Fracciones Decimales Proporcionalidad
Matemáticas 2º ESO	Números Enteros. Potencias y raíces cuadradas Fracciones Proporcionalidad
Matemáticas Académicas 3º ESO	Números Racionales Potencias y notación científica Sucesiones Polinomios
Matemáticas Aplicadas 3º ESO	Números Racionales Potencias. Notación científica Sucesiones Polinomios

SEGUNDA AVALIACIÓN

Nas dúas últimas semanas do mes de febreiro, celebrarase un exame para cada nivel de materia pendente.

- O alumno deberá realizar un exame por cada unha das materias pendentes
- A cualificación que constará a efectos académicos e de expediente na segunda avaliación será conforme á nota acadada neste exame.

Na táboa seguinte detállanse os contidos que se avaliarán en cada nivel

Materia	Bloques de Contidos
Matemáticas 1º ESO	Introducción al álgebra Elementos básicos de geometría plana Polígonos Círculo y circunferencia Funciones Estadística y probabilidad
Matemáticas 2º ESO	Polinomios Ecuaciones Sistemas Teoremas de Pitágoras y Tales Geometría Plana

Matemáticas Académicas 3º ESO	Ecuaciones Sistemas de ecuaciones Funciones Estadística Probabilidad
Matemáticas Aplicadas 3º ESO	Ecuaciones Sistemas de ecuaciones Funciones Estadística

TERCEIRA AVALIACIÓN E FINAL ORDINARIA

O procedemento para a avaliación dunha materia pendente de cursos anteriores nas avaliacións terceira e final dependerá dos resultados acadados polo alumno nos dous primeiros exames, e da nota media de ambos.

Poderanse dar os seguintes casos:

- **Caso 1:**
Se tanto no primeiro coma no segundo exame realizados a nota é maior ou igual a 3, e a media aritmética de ambos é igual ou superior a 5, a materia pendente queda superada.
Dita nota media é a que figurará no expediente académico do alumno na terceira avaliación e na final.
- **Caso 2:**
Se nalgún dos exames de avaliación a nota non supera o 3, ou ben se a nota media de ambos é inferior a 5, o alumno deberá realizar un exame extraordinario no mes de maio, na data que dispoña o centro educativo.
 - Este exame será redactado por todos os profesores do Departamento a partir dos mínimos esixibles establecidos na programación didáctica do curso 2015-2016.
 - O alumno deberá realizar un exame por cada unha das materias pendentes que non teña superadas.
 - A cualificación que constará a efectos académicos e de expediente nas avaliacións terceira e final, será conforme á nota acadada neste exame.

CASOS EXCEPCIONAIS NA AVALIACIÓN FINAL ORDINARIA EN XUÑO

As matemáticas son un área con carácter progresivo, polo tanto se un alumno ten varias materias pendentes no Departamento, e se dá a circunstancia de que consegue aprobar as correspondentes a un determinado nivel, poñeráselle un 5 na avaliación final das materias pendentes de niveis inferiores, independentemente dos resultados do seguemento do previamente descrito programa de reforzo (exames incluídos), e das cualificacións académicas que xa figuren no expediente do alumno en avaliacións anteriores.

Do mesmo xeito, como consecuencia destas observacións, se un alumno aproba en xuño as matemáticas do curso presente no que está matriculado, automaticamente obterá un 5 na avaliación final de todas as materias pendentes.

Estas consideracións manteranse aínda que o alumno cursase nos niveis de 3º e 4º de ESO materias diferentes.

Queda baixo a responsabilidade total e exclusiva do alumno arriscarse a acollerse a esta circunstancia como vía de recuperación das materias pendentes. En ningún caso o Departamento recomendará ou fomentará esta opción.